

**CONCELLO DE MEIRA**

Praza do Concello s/n

27240 Meira

Lugo

Teléf. / Fax: 982 330 102

C.I.F: P-2702900H

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CELEBRADA  
EN DATA 27 DE MARZO DE 2012**

**ASISTENTES:**

**D. RAMIRO PÉREZ FREIJO (PP)**

**CONCELLEIROS**

**D. ROSENDO FOLGUEIRA VALLE (PP)**

**D. RAMÓN ROZADILLAS VALVERDE (PP)**

**D. EMILIO COSTA SOTO (PP)**

**D. MARCELINO SALGADO FERNÁNDEZ (PsdeG-PSOE)**

**D. FIDEL FERNÁNDEZ ARES (PsdeG-PSOE)**

**D. MANUEL VIDAL VALLEJO (PsdeG-PSOE)**

**SECRETARIA – INTERVENTORA**

**Dº. BEGOÑA TEIJEIRO CAMPO**

**AUSENTES EXCUSADOS**

**D. ENRIQUE CASTRO CASTRO (PP)**

**D. ANTONIO DE DIOS ALVAREZ (PsdeG-PSOE)**

No salón de plenos do concello de Meira, sendo as trece horas e trinta minutos do día vinte e sete de marzo de dous mil doce, reúnese en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Pleno deste concello, baixo a presidencia do señor alcalde titular don Ramiro Pérez Freijo, coa asistencia dos señores concelleiros relacionados ao marxe, actúa de secretaria - interventora a habilitado estatal dona Begoña Teijeiro Campo, que da fe do acto.-

\*\*\*\*\*

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida celebración da sesión asistindo sete dos nove concelleiros que a compoñen, o señor alcalde declara aberto o acto e, seguidamente, éntrese no despacho dos asuntos incorporados á orde do día, cursada xuntamente coa convocatoria, producíndose o desenvolvemento da sesión e correlativa adopción de acordos, nos termos seguintes:-

**1º.-ACTAS.-**Acordo sobre aprobación do borrador da acta do pleno da sesión ordinaria do dez de febreiro.

Sométese a votación a aprobación da acta e resulta aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.

**2º.-DAR CONTA DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Os señores concelleiros asistentes quedan informados do contido da acta da Xunta de Goberno Local, correspondente á sesión de dez de febreiro de 2012.

### **3º.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE FACTURAS ENVIADAS Ó MINISTERIO SEGUNDO O REAL DECRETO-LEY 4/2012.**

Dase conta ós concelleiros da relación de facturas enviadas antes do día 15 de marzo conforme o establecido no Real Decreto-Ley 4/2012.

### **4º.- APROBACIÓN DO PLAN DE AXUSTE REQUERIDO POLO REAL DECRETO-LEY 4/2012.**

Informase do contido do Plan de Axuste ao que se refire o artigo 7 do Real Decreto-ley 4/2012, que establece que “unha vez remitida a relación certificada das facturas pendentes de pago a 31 de decembro de 2011, elevarase ó Pleno da Corporación un plan de axuste para a súa aprobación antes do 31 de marzo de 2012.” Este Plan de axuste deberase estender durante o período de amortización previsto para a operación de endebedamento que se formalizará para o pago das facturas pendentes, que como máximo será de dez anos con dous de carencia.

A Orde HAP/537/2012, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, establece o modelo oficial ó que se ten que axustar dito Plan.

O Plan de Axuste conta co informe favorable da secretaria-interventora, que así o manifesta ante o Pleno.

Polo tanto propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o Plan de Axuste requerido polo Real Decreto-Ley 4/2012 conforme á documentación que se xunta e que se dilixenciará pola secretaria-interventora.

**Segundo.-** Comprometerse a adoptar as medidas previstas no plan de axuste para garantir a estabilidade orzamentaria, límites de débeda e prazos de pago a provedores, por un período coincidente co da amortización da operación de endebedamento que se prevea concertar no marco do Real Decreto- Ley 4/2012, de 24 de febreiro, que será como máximo de 10 anos de duración.

**Terceiro.-** Comprometerse a aplicar as medidas indicadas no Plan de Axuste.

**Cuarto.-** Comprometerse a remitir toda a información que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas considere necesaria para o seguimento e cumprimento deste plan de axuste, así como calquera outra información adicional que se considere precisa para garantir o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, os límites da débeda pública e as obrigas de pago a provedores.

Sométese o asunto a votación e resulta aprobado por catro votos a favor dos concelleiros do PP e tres abstencións dos concelleiros do PsdeG-PSOE.

**CONCELLO DE MEIRA**

Praza do Concello s/n  
27240 Meira  
Lugo  
Teléf. / Fax: 982 330 102  
C.I.F: P-2702900H  
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

**5º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formula ningún.

Concluído o anterior, ás trece horas e cuarenta minutos, non sendo outro o obxecto da convocatoria, o señor alcalde - presidente levanta a sesión no lugar e data ao principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretaria, certifico.-

**A secretaria**



The image shows a blue ink signature of Begona Teijeiro Campo. The signature is written over a circular official stamp. The stamp contains the text 'EXCMO. AYUNTAMIENTO DE MEIRA' at the top, 'SECRETARIA' at the bottom, and a central coat of arms.

**BEGONA TEJEIRO CAMPO**

**O alcalde**



The image shows a blue ink signature of Ramiro Pérez Freijeiro. The signature is written over a circular official stamp. The stamp contains the text 'EXCMO. CONCELLO DE MEIRA' at the top, 'ALCALDIA' at the bottom, and a central coat of arms.

**RAMIRO PÉREZ FREJEIRO**